

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE AGOSTO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catorce de agosto de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as doce horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 7 de agosto de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Con data 30 de xaneiro de 2026, a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. o contrato de obras para a execución do investimento denominado “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS

NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ”.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 15 de abril de 2026, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en catro (4) meses, contados a partires do día da sinatura de dito documento.

3º.- En data 6 de agosto do corrente (RE-E núm. 544), Dona Ana Isabel Taboada Ramos, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha primeira ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

4º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 12/08/26, informe favorable á prórroga solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”.*

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á adxudicataria CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. unha primeira ampliación, ata o día 15 de decembro de 2026, no prazo de execución da obra denominada *“REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ”.*

3.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSONA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Don José Saa Taboada (RE núm. 1253, do 11/08/26), e a proposta de resolución emitida con data 12/08/26 pola traballadora social do Concello Dona Ana María Jorge Couto, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don JOSÉ SAA TABOADA, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Saa, parroquia de Santa Mariña de Pescoso.

4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 29/07/26, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola Alcaldía en funcións con data 11/08/26, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na redacción de informes respecto do estudo de impacto ambiental do parque eólico “*Monte Cabeza II*” e a súa infraestrutura de evacuación, analizando a afección sobre o Concello, á sociedade TYSGAL MEDIOAMBIENTE S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Santiago de Compostela, ao prezo de DOUS MIL TRESCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (2.383,70 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- O REMATE GRÁFICO GALEGO S.L. 87,70 €
Por subministro de agasallos institucionais para a actividade de oratoria e debate organizada cos alumnos/as do CPI de Rodeiro, s/factura núm. A/21.
- SERTECO-OR S.L. 955,83 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 26A/1203 e 26A/1204 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 6.955,77 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de maio de 2026, s/recibos.
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 39,64 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-H6DD-045580 e 28-H6DD-046686 e 28-H6M0-035588 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 526,34 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de xullo de 2026, s/facturas núm. 4004755410 e 4004765945 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 677,81 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1385 (FACe).
- ALEJANDRA FERNÁNDEZ-GAGO LONGUEIRA 847,00 €
Por servizo de asistencia técnica en materia urbanística no mes de xullo de 2026, s/factura núm. Fn-2026-05.

- MAXIDEZA S.L. 91,61 €
Por subministro de repostos para a máquina varredora, s/factura núm. 2026 A 003562 (FACe).
- GUIZE AUTOMOCIÓN S.L.L. 1.452,00 €
Por traballos de mantemento de vehículo municipal, s/factura núm. 90-2026.
- DIEGO VILLAMAYOR ALVARELLOS 580,80 €
Por traballos de reparación de desbrozadora de brazo, s/factura núm. 202623.
- SOLUCIONES INTEGRALES PARA EL MEDIO AMBIENTE S.L. 3.985,74 €
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 26173 (FACe).
- MÚSICOS AO VIVO, S. COOP. GALEGA 500,00 €
Por representación do concerto de Chuches Amil, dentro da programación de Cultura no Camiño 2026, s/factura núm. SM26/615 (FACe).
- MARBE HISPANIA S.L. 491,74 €
Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. A/35914 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 209,06 €
Por subministro de materiais de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000580 (FACe).
- PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U. 2.854,24 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 5626202668000913 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba II”

- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 246,84 €

Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social no mes de xuño de 2026, s/factura núm. 1386 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as trece horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)